

ACTIVIDADES 25N : “DÍA INTERNACIONAL DA ELIMINACIÓN DA VIOLENCIA CONTRA AS MULLERES” 2020

“NON SÓ O VIRUS MATA”

ACTIVIDADES : 0-3 ANOS

Nome da actividade: Xogo concepto "Respecto"

Obxectivo da actividade : Favorecer o interese en adquirir valores e condutas que beneficien o seu desenvolvemento persoal e social.

1ª actividade

Todos/as nos queremos e todos/as nos respectamos.

En asemblea explicaremos que é o respecto, falaremos das diferenzas entre neno e nena.

Desprazaranse ao redor da clase libremente, a ritmo de todos/as somos diferentes e todos/as nos queremos. Moveremos os brazos cara arriba e cara abaixo, parámonos e en parellas, darémonos apertas. Continuamos co ritmo esta vez movendo os brazos cara adiante e cara atrás.











2ª actividade

Facemos grupos de 4 nenos/as. Sentados na mesa dámoslles as fichas do meu corpo. Namentres colorean, contáselles que somos diferentes e todos/as nos queremos e nos respectamos.

ACTIVIDADES: 3 A 6 ANOS

1- Na asemblea comentamos en que tarefas temos colaborado os membros da familia durante o período da pandemia.

2- Pon debaixo de cada acción os membros da familia que a teñen feito.

							
Fregar a louza	Lavar a roupa	Pasar o ferro	Preparar a comida	Facer a cama	Sacar o lixo	Varrer ou pasar a aspiradora	Poñer a mesa



ACTIVIDADES : 6-9 ANOS

Introdución: co gallo do 25 de novembro explicamos ao alumnado que se celebra neste día e avaliamos que coñecemento teñen. Introducimos o lema que imos traballar: "NON SÓ O COVID MATA"

Imos traballar en clase a problemática xurdida co coronavirus ao redor do encerro que sufriron moitas mulleres cos seus maltratadores .

1ª actividade

Lemos en asemblea o conto "Coronavirus no es un príncipe (ni una princesa)" de María Coco Hernando.

Una vez lido preguntamos á asemblea, que pasaría se non fixeramos nada para "matar" ao coronavirus?.

Tras analizar as aportacións facemos un cadro onde se recollan formas de actuar ante o coronavirus e a violencia ante as mulleres.

Que facer ante o coronavirus	Que non facer ante o coronavirus

Unha vez elaborado o cadro coas aportacións do alumnado colocámolo na clase para ver as posibles opcións de como actuar. Fálase e débátese sobre as posibles actuacións.

2ª actividade

Baixamos esta música de Youtube no enlace: <https://youtu.be/y08xZMDKKJA>

Escoitámola e aprendemos esta pegadiza canción. Nun folio DIN-A4 debuxamos individualmente que podemos facer para que non mate o coronavirus. Por grupos de 4 colocámolo nunha cartolina na clase.

Na asemblea de cada curso e segundo o seu nivel comentamos o Lema "Non só o coronavirus mata": chuvia de ideas, suxestións, actuacións, ...

ACTIVIDADES: 9-12 ANOS

1ª actividade

O curso pasado propúxose unha actividade similar para o alumnado de 12 a 15 anos que cremos que pode ser interesante para a idade anterior. Con esta actividade pretendemos vincularlos/as emocionalmente e facelos/as partícipes da loita contra a violencia machista e pola defensa dos dereitos humanos.

Obxectivos:

1. Sensibilizar ao alumnado ante a violencia de xénero.
2. Coñecer os distintos tipos de violencia de xénero para que poidan identificalas posteriormente.
2. Vencellar emocionalmente o alumando coa loita contra a violencia de xénero e a favor dos dereitos humanos.


Desenvolvemento:

1. **Chuvia de ideas** sobre o concepto de “violencia” e posteriormente “de xénero” da que imos apuntando palabras e frases.

Esta chuvia de ideas é importante facela coa análise dos diferentes tipos de violencia, xa que moi probablemente o noso alumnado só estea pensando na violencia física e verbal, así como nas características da violencia de xénero. Tamén pode ser relevante unir os exemplos con actitudes ou comportamentos que viron ou viviron.

2. Informamos ao noso alumnado do que significa o 25 de novembro e a importancia das accións ao redor deste día. Proponémoslles realizar unha **campaña de carteis contra a violencia de xénero**. Tamén podemos ofrecer a posibilidade de elaborar outro tipo de soporte que non sexan os carteis para dar cabida a todo o alumnado.
3. En pequenos grupos elixiremos algunhas das palabras e frases da chuvia de ideas para realízalos. Ofrecerémoslles a posibilidade de pescudar algunhas campañas que se realizaron antes, para que nos aporten ideas.
4. Unha vez teñamos rematados os nosos traballos podemos pechar a actividade cunha reflexión sobre o que aprendemos, que nos leve ao compromiso coa erradicación da violencia na nosa contorna. Podemos propoñer sacar a campaña da aula e compartila co resto do centr

2ª actividade. Un cómic sobre sexualidade.



Obxectivo: Nesta actividade, expomos a **educación sexual como ferramenta para a prevención da violencia sexual. Sabemos que moitas nenas e, sobre todo, moitos nenos están expostos a contidos pornográficos, o que unido á falta de educación sexual nas aulas provoca unha cultura de violencia machista que se vai perpetuando ou incluso agravando.**

“Se pretendemos construír unha sociedade na que homes e mulleres poidamos convivir en igualdade e sen discriminacións, é imprescindible proporcionar ao alumnado unha educación afectiva e sexual de calidade. O coñecemento sexual axúdanos a crecer como persoas”. Pascuala Ruiz Bernal

Desenvolvemento

1. Presentámoslles o libro “Sexo es una palabra divertida” que deixaremos posteriormente na biblioteca da aula para que poidan botarlle unha ollada con calma.
2. Despois de presentarlles o libro e o tema, propoñémoslles que fagan un pequeno cómic con algunha das seccións do mesmo. Para iso levaremos varias viñetas fotocopiadas para que as poidan ollar e elixir.
3. O noso libro de sexo. Con todos os cómics da clase faremos un encadernado que se poida manter na biblioteca da aula. Deixaremos varias páxinas en branco ao final para que poidan debuxar outros cómics con outras cuestións sobre sexualidade que vaiamos enfrontando ao longo do curso. A nosa proposta ao redor dos contidos máis relevantes para abordar co noso alumnado sería afondar nos roles de xénero en relación á sexualidade.

ACTIVIDADES: 12-15 ANOS

XUSTIFICACIÓN DAS ACTIVIDADES

Durante a pandemia da COVID-19, a presenza online volveuse cada vez máis importante: constitúe un salvavidas para quen están illados/as no seu fogar e unha ferramenta fundamental para os e as rapazas que se esforzan por manterse ao día cos seus estudos e ficar en contacto co resto do mundo. O acceso a internet, e a seguridade online, son un problema de dereitos humanos e un indicador da igualdade de xénero. As plataformas e redes sociais poden ofrecer ás nenas e ás rapazas un espazo de debate, así como unha oportunidade para facerse escoitar. Porén, canto máis se expresan, máis ameazas e menosprezo reciben. Non debe permitirse que a discriminación que as nenas sofren nas rúas determine as súas experiencias online: o acoso non debe limitar a capacidade das nenas e das mozas de aproveitar todas as oportunidades que lles ofrecen as redes sociais. As súas voces, os problemas que lles afectan, corren perigo de ser silenciados polo acoso; o seu activismo pode ser obstaculizado, e a súa confianza, estragada pola intimidación e pola humillación. Nada disto se recoñece, nin tampouco se responsabiliza ás empresas de redes sociais, nin a quen cometen os abusos.

Tomado do Informe *(In)Seguras Online*. Experiencias de nenas, adolescentes e mozas ao redor do acoso online, elaborado pola ONG Plan Internacional en 2020.

1ª actividade. (In)Seguras Online

Obxectivos:

Coñecer o concepto e as implicacións do termo “acoso online”

Aprender a detectar situacións de acoso sexual nas redes sociais.

Concienciar sobre as situacións de acoso e evitar a súa banalización o normalización entre o alumnado adolescente.

Material:

- Cronómetro ou conta atrás, con alarma, visíbel e/ou audíbel para toda a clase.

- Unha folla de papel, cortada pola metade para cada dous alumnos e alumnas.
- Unha metade conterá as seguintes preguntas:
 - o Pregunta 1: Que significa para ti “acoso online por motivos de xénero”?
 - o Pregunta 2: Sénteste seguro ou segura cando compartes fotos ou fas comentarios nas redes sociais?
 - o Pregunta 3: Escribe comentarios que teñas recibido nalgunha rede social, ou describe situacións que teñas vivido, ou que che contaran, nas que te sentiches acosada por ser rapaza, ou nas que creas que se estaba a acosar a unha rapaza.
- A outra metade deixarase en branco.
- Unha folla para cada dous alumnos e alumnas, ou ben a proxección na encerado dixital, cos seguintes fragmentos do Informe (In)Seguras Online. Experiencias de nenas, adolescentes e mozas ao redor do acoso online, elaborado pola ONG Plan Internacional en 2020. (Se desexa descargar o informe completo, pinche [aquí](#))


Fragmento 1: Definición del concepto acoso online por motivos de género:

“acción realizada por una o más personas que daña a otras por su género. Esta acción se lleva a cabo a través de internet o la tecnología móvil, e incluye vigilar, intimidar, acosar, difamar, incitar al odio, explotar y troleear por motivos de género”.¹

Fragmento 2: Testimonio de una niña de Ecuador

“Según mi configuración de privacidad, solo mis amistades pueden ver mis fotografías, pero recibí un mensaje anónimo de alguien que decía que, si no le enseñaba mi trasero, iba a publicar fotos mías. Este hombre, que hasta hoy no sé quién es, me envió fotos mías que nadie más tenía, de lugares en los que había estado... Se lo conté a mi familia y a mi hermano. Tengo miedo; siento miedo cada vez que voy a publicar algo. Creo que todas las niñas sentimos ese miedo”.

DIFERENTES FORMAS DE ACOSO A LAS QUE SE ENFRENTAN NIÑAS Y LAS JÓVENES³⁰



Hinson, L.; Mueller, J.; O'Brien-Milne, L.; y Wandera, N. (2018). Technology-Facilitated GBV: What is it, and How do we measure it? International Center for Research on Women. Recuperado de <https://www.icrw.org/publications/technology-facilitated-gender-based-violence-what-is-it-and-how-do-we-measure-it/>

30. É importante ter en conta que as porcentaxes inclúen tanto a nenas que foron acosadas como a quen non o foron, pero coñecen a unha nena ou muller nova que sufriu este tipo de acoso

Temporalización:

1 sesión de 55 minutos

Metodoloxía e descrición da actividade:

Entrevista simultánea, de Kagan:

A docente agrupa ao alumnado en parellas heteroxéneas e entrégalles a folla coa lista de preguntas e a folla en branco. (5 min)

O alumno ou alumna A entrevista ao alumno ou alumna B, tratando de coñecer as súas respostas ou opinión sobre as cuestións presentadas.

Escribe as respostas nunha cara da folla en branco. (5 min)

Invértense os papeis: a alumna ou o alumno B pasa a ser o entrevistador e escribe as opinións de A pola cara en branco da mesma folla de respostas. (5 minutos)

A docente recolle as follas de respostas e realiza unha posta en común na que o alumnado debe comunicar a primeira resposta do compañeiro ou compañeira a quen entrevistou. Recóllense as distintas aportacións no encerado, ou noutro soporte que permita o acceso á información recollida a todo o grupo (4 minutos).

A continuación, entregarase a folla cos fragmentos de texto extraídos do informe (In)Seguras online, ou ben presentarse o Fragmento 1 utilizando ferramentas TIC, comparando as súas definicións e valorando o grao de aproximación. (6 minutos)

Despois, o alumnado fai o mesmo coas respostas á pregunta número 2 e o profesor ou profesora anota as respostas (14 minutos). Logo lese o testemuño que aparece no Fragmento 2. (1 minuto)

Máis tarde, procédese do mesmo xeito coas respostas á pregunta tres e amósase o fragmento 3. Nesta ocasión, cada parella terá 5 minutos para consensuar que tipo de acoso online é o que aparece nas súas propias respostas á Pregunta 2, de acordo coas categorías que figuran no gráfico do Fragmento 3.

Para finalizar, póñense en común as respostas que encaixan en cada tipo de acoso online. (10 minutos)

2ª actividade

A golpe de Whatsapp



Se non é comigo, con ken?

Conectad@ a estas horas?

Xq non contsts á miña mensaxe?

q pasa... stas ocupad@?

SEI QUE O LICHES XQ APARECE O DOBLE CHECK

Con quen ests falando?

Se pasas de min lembra que teño unhas fotos que non che gustaría que os demais visen

Obxectivos:

Coñecer as formas de violencia de xénero dixital.

Analizar o tipo de condutas que observamos, temos ou sufrimos nas redes sociais.

Coñecer condutas seguras para evitar o acoso online ou *ciberacoso*.

Material:

- Cronómetro ou conta atrás, con alarma, visíbel e/ou audíbel para toda a clase.
- Un taco de *pósit*, *boli* ou lapis.
- Conexión a internet, encerado dixital, ordenadores persoais con auriculares, móbiles con auriculares.
- Enlace ao vídeo: [10 formas de violencia de xénero dixital](#)
- Documento cos seguintes enlaces:
 - o [Acoso e abuso sexual nas redes sociais](#). Tamén en versión [Lectura doada](#)
 - o [Estereotipos e linguaxe sexista na rede](#)
 - o [Violencia de xénero na rede](#)

Temporalización: Sesión 1: 55 minutos. Sesión 2: 55 minutos

Metodoloxía e descrición da actividade:**Sesión 1:**

A asemblea da clase (gran grupo) mira o vídeo [10 formas de violencia de xénero dixital](#) (6 minutos)

Técnica do grupo Nominal (María Luisa Fabra, 1992a): a profesora ou profesor explica claramente, baseándose no contido do vídeo, o tema ou problema a tratar e expón o seguinte enunciado: (2 minutos)

“Enumera ou describe condutas online que supoñen unha falta de respecto cara unha rapaza”.

Cada participante, individualmente, debe escribir as súas propostas para ese primeiro enunciado (5 minutos).

A docente pide a cada alumna e alumno que exprese unha soa das ideas, a que crea mellor e que non fora dita aínda e anótala nun lugar visíbel.

Se alguén non quere participar pode “pasar”. Se alguén ten máis dunha idea, terá que esperar a que se complete a primeira rolda, para dicir a segunda idea, supoñendo que nesta ocasión a súa outra idea siga sendo unha novidade. (10 minutos)

Unha vez completada a rolda é a quenda das aclaracións, non de obxeccións nin críticas ás ideas recollidas. (5 minutos)

Despois, cada participante puntúa as ideas recollidas do 1 ao 10, sendo 1 a conduta menos violenta e 10 a máis violenta. Súmanse as puntuacións para cada enunciado. Deste xeito pódese saber cales son as situacións que consideran máis ou menos violentas, ou cales non consideran violentas en absoluto. Finalmente discútense os resultados obtidos (10 minutos)

Xestión cooperativa das dúbidas (Zariquiey, 2016):

Cada alumna e alumno pensa nunha dúbida ou pregunta que lle suscite o tema que se está traballando. Escribe a súa pregunta nun pósito e agarda a que a profesora lle indique a vez para ir pegalo ao punto da aula destinado ás preguntas sen responder. (5 minutos).

Facilitaráselle ao alumnado os seguintes enlaces nos que poderán consultar información sobre a violencia online ou *ciberacoso* e se amosaráselles unha previsualización de cada un deles (10 minutos):

[Acoso e abuso sexual nas redes sociais](#) e/o a súa versión en [Lectura doada](#).

[Estereotipos e linguaxe sexista na rede](#)

[Violencia de xénero na rede](#)

Antes de finalizar a clase, cada estudante collerá unha pregunta ao azar para a que deberá atopar unha resposta que exporá ao resto de compañeiros e compañeiras na seguinte sesión empregando as ligazóns como fonte de información segura.

Sesión 2: (55 minutos)

Debúxase unha táboa no encerado coas seguintes entradas:

PREGUNTA-RESPOSTA	CONSECUENCIAS POSITIVAS	CONSECUENCIAS NON DESEXADAS
1)		
2)		
3)		
4)		
...		

Adaptado da Técnica das Dúas Columnas (Fabra, 1992a)

Un/unha primeira estudante, voluntario/a, le en voz alta a pregunta ou dúbida que levou para casa no pósito da primeira sesión. A persoa que teña exposto esa pregunta, debe dicir que é a súa e acudir ao encerado para escribir unha síntese da resposta ou solución que atopou o seu compañeiro ou compañeira e que terá lido en voz alta para toda a clase. Ambos discutirán as consecuencias positivas (que aspectos do problema soluciona, que vantaxes comporta, etc.) e consecuencias non desexables se é que as ten.

Tempo: Divídese o tempo total da sesión entre o número de alumnos e alumnas, para darlle a cada parella o tempo que lles corresponda. Exemplo: se nunha clase hai 25, cada parella disporá de 2 minutos para a súa intervención.

ACTIVIDADES : 15-18 ANOS

1ª actividade

Ver o vídeo *Consentimento sexual explicado con Te*

<https://www.youtube.com/watch?v=E4WTnJCMrH8>

Logo de ter visto o vídeo, de forma anónima, pedirémoslles que escriban en post-its situacións que teñan vivido eles e elas mesmas ou as súas amizades relativas ao consentimento nas relacións afectivo – sexuais. Meterán as mensaxes nunha caixa e iremos lendo todas as que recollemos.

Reflexionaremos ao redor das seguintes preguntas ou das que poidan ir xurdindo:

- Entendes as relacións sexuais como algo público (do que se pode e se debe falar) ou como parte do ámbito privado e íntimo de cada unha/un? É un tema do que se adoita falar entre amizades? De forma xeral ou polo miúdo?
- Están igual de *presionados/as* rapaces e rapazas con respecto ás relacións sexuais? Hai unha idade determinada para ter relacións?
- Que se di das rapazas que flirtean e logo non queren ter relacións? E que se di dos rapaces?
- Sabes parar as chanzas ou os comentarios que xorden ao redor de mozas e mozos nas súas relacións sexuais? Participaches ti nesas bromas?
- Que tipo de resposta obtiveches cando quixeches parar durante unha relación? Como te sentiches? Hai presións para ter relacións sen preservativo?
- Que tipo de resposta deches cando a outra persoa non quixo continuar? Como te sentiches?

Para finalizar, organizar a clase en grupos para que elaboren un *decálogo de boas prácticas nas relacións afectivo- sexuais*. Facer unha posta en común en gran grupo e elaborar un documento que se poida colgar nos paneis destinados a Igualdade.

2ª actividade

Ver dende o minuto 40:00 ata o minuto 44:10 do vídeo de *Aprendemos Xuntos BBVA*,

Episodio 2. Ao meu eu adolescente: Amor con Elsa Punset, que aparece no seguinte enlace: <https://www.youtube.com/watch?v=pFmDhCQ8vZ8>

Abrir un pequeno debate no grupo ao redor destas cuestións:

- Está normalizado berrarlle ás mozas pola rúa? E aos mozos? Hai diferenzas? Alguén se sentiu como as rapazas do vídeo?
- Chamariamos agresión a que alguén che toque sen permiso? Pasouvos algunha vez? Alguén achegado contouche que lle pasara unha situación similar? Como vos sentistes? Pásalles por igual a mozos e a mozas?
- Sentides medo cando ides sós ou soas pola rúa de noite? Dáse por igual esta emoción en mozos e en mozas?
- Que pensades respecto ao que contan as rapazas do vídeo sobre os seus sentimentos de culpabilidade por non ter reaccionado doutro xeito?

Dividir á clase en grupos para que elaboren un borrador de manifesto onde expresen o seu compromiso e a súa vontade de previr a violencia contra as mulleres. Facer unha posta en común dos borradores en gran grupo, e elaborar un manifesto que colgarán na web do instituto e nos paneis de igualdade.

ACTIVIDADES: PERSOAS ADULTAS

1ª actividade

Comezaremos cun debate sobre a pandemia. Como nos afectou? Que fixemos no confinamento? Como nos sentimos durante eses meses de encerro? Como está neste momento?

Despois deste pequeno debate, presentaremos o artigo: <https://www.lavanguardia.com/vida/junior-violencia-genero-aumenta-coronavirus-pandemia.html>
Iremos lendo o artigo e iremos analizando os datos. Entre toda a clase procuraremos solucións ás cuestións que vaian xurdindo sobre a violencia cara as mulleres.

2ª actividade

Co gallo do falecemento de Quino imos facer tiras de Mafalda con reflexións sobre a posible saída desta crise máis fortes e empoderadas/os. Teñen que ser mensaxes en positivo, críticos ou cómicos,

Presentareilles varias viñetas cos *bocadillos* en branco e, en función do que ven, teñen que imaxinar a conversa que se produce, o pensamento de Mafalda, etc. Ao final faremos un libro coas distintas tiras que teñan elaborado.

